

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL EN PRÁCTICAS DE TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS E DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS 2020 (BOPPO nº 117 do venres, 19 de xuño de 2020).

En Meis, Dna. MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28 de agosto de 2020, de *APROBACIÓN DA RELACIÓN DE CONCELLOS SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS 2020 (EXPTE. Nº 2020024980) (BOPPO nº 172 do luns, 7 de setembro de 2020)*, o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal en prácticas, a xornada completa, dunha persoa demandante de emprego desempregada ou con tarxeta de mellora de emprego inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia, que estea en posesión da titulación de *DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA*.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE**:

1º. Aprobar as bases que rexerán a contratación dunha persoa demandante de emprego desempregada ou con tarxeta de mellora de emprego inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia, que estea en posesión da titulación de *DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA*.

2º. A relación laboral ofertada será a de contrato de traballo en prácticas (M-420), a xornada completa, durante seis meses.

Mándao e asínoa a alcaldesa, do que, a secretaría DÁ FE.

Documento asinado electronicamente á marxe.

